

Os premios que hoxe imos presentar acóllense baixo **dun acordo Marco de colaboración** que queremos sexa o máis amplo posíbel, entre a Aelg, a Age e a Federación de Librías de Galicia . Enumero os puntos ou apartados que serán desenvolvidos posteriormente.

A). Escritores, Editores e Libreiros, somos un sector estratéxico deste país que así está recoñecido na lei de decembro de 2006 do libro e a lectura de Galicia aprobado por unanimidade polo parlamento Galego. Nela o libro é recoñecido na súa dimensión de ben cultural, económico e social, e debe desenvolver o carácter estratéxico das letras galegas, entre outras aportacións, polo seu papel fulcral na normalización cultural e social do noso idioma. Mais isto está na leí mais non está aínda na realidade. É esta realidade que queremos axudar a mudar.

B). Escritores editores e libreiros creamos unha mesa estábel de traballo (que hoxe podedes visualizar aquí nesta mesa) para a posta en común de propostas Servindo de comunicación interna e externa, na intención de facer actividades de defensa do libro galego, e das letras galegas no seu conxunto, como o acto que hoxe nos convoca.

C). Precisamos dunha industria editorial forte que reflecta a biodiversidade do Sistema literario galego, duns escritores que sexan recoñecidos socialmente no seu papel de

creadores dunha obra onde a ética convive e habita a beleza da cultura galega. Precisamos dunha rede de librarías por todo o país que de visibilidade ao libro galego e sexa lugar privilexiado para a creación de lectores.

Sen esquecermos todos os mediadores conflúen no ciclo de vida do libro e as letras galegas, como as bibliotecas, e centros de ensino, entre outros, e que axudará á necesaria calidade profesional de todo o sector.

E) Para poder conseguir estes fins precisamos da creación do Instituto Rosalia de Castro de promoción da cultura galega.

Da existencia de plans anuais de lectura.

Recuperación da Consellaria de Cultura, co necesario peso político e orzamentario.

Da implicación real da Consellería de Industria, con orzamentario específico.

\*\*\*\*\*

E falando na representación das Escritoras e Escritores Galegos felicitarmonos por este acto que, como todo acto que ten a ver coa cultura galega, a suma capacidades significa sempre multiplicar os froitos, o resultado non é o dunha suma é o dunha multiplicación e, o realmente importante, é conseguir impregnar á sociedade toda dos seus froitos.

Construir, sumar esforzos, significa dar visibilidade a un dos sectores culturais e sociais e económicos máis importantes e dinámicos da Galiza.

Os escritores e escritoras Galegos, damos contidos culturais a diversas industrias culturais do noso país, mais somos tamen algo máis, procuramos a inculturación de todo traballo humano sobre esta terra facemos dela un ser colectivo cunha identidade imborrable.

A nosa razón de ser é a literatura GALEGA ,da mao das nosas editoriais e máis do tecido de librerías que leva a todo o corpo social a saiva nutricia da Nosa cultura .

Cal é a dimension que queremos teñan estes premios que hoxe apresentamos?

Diría que a de engadir á necesaria visibilidade social que precisa o noso sistema literario nos seus escritores, editoriais e librarías premiados, ademáis da carga simbólica de ser unha celebración feita por todo o sector como forma se reivindicar, nun tempo da cultura da Imaxe, do efímero e veloz, do corto prazo, do próximo á publicidade .  
Nun tempo de apagamento da cultura da palabra

no que semella que o libro está en desventaxa por ter a calidade da interrogación do presente e de dar respostas ás necesidades humanas do medio e longo prazo

Este ciclo vital de comunicación entre o escritor, o editor, o libreiro e o lector co que non so lle damos calidade democrática á sociedade á que petencemos, mais tamén de coñecemento do ser colectivo que somos os Galegos é dicer, existe ese ser colectivo chamado GALIZA porque existen escritores que a soñan , editoras que publican e librarías que son os lugares da comunicación entre o texto escrito e editado, co lector coma ágora ou íntima praza pública

. Neste tempo no que se fala máis de marcas que de cultura, este acto, é para nós a reivindicación da escrita literaria coma ferramenta de intimo coñecemento, de afirmación dese ser colectivo que levamos dentro e do que nos orgullamos que se chama GALIZA.

Premios da narración oral  
Subvención nominativa

6000

2000

4000

Proxecto

por Cafes e tabernas mes. Cuatro días cuatro actos venres  
tarde noite sábado mañá

Cárceres ?

Premios Aelg Age Flg

Blog de Argullol sobre Zwaid

la demolición de los vínculos entre palabra y verdad. Los  
totalitarismos, a través de los cuales la Europa exaltada por Zweig,  
junto a tantos otros escritores, se había "destruido a sí misma",

ponían al descubierto que aquella demolición dejaba indefenso por completo al individuo y, en consecuencia, listo para la manipulación y la sumisión. Extirpando la verdad a las palabras se extirpaba también el espíritu a los hombres.

Con todo, donde el lector actual puede encontrar la mayor vibración al recorrer las páginas de Zweig es al percibir ciertos paralelismos entre los riesgos del pasado y del presente. Huérfanos de la verdad de las palabras, o incapaces de encontrarla y compartirla, también nosotros nos encontramos indefensos ante la manipulación, por más que nuestra fe tecnológica nos mantenga ensimismados. Las épocas parecen muy distantes, es cierto. En la nuestra sólo ha irrumpido una multitud de pequeños brujos que juegan con la mentira y casi todos convivimos indiferentemente con ella. Pero la falta de amor a la verdad entraña el mayor peligro: es el terreno abonado para que los grandes brujos entren en escena.

\*\*\*

Argullol . Para vivir sueños una ciudad ha de hacer frente a sus epidemias

Argullol. veces sin otra misión que atravesar la silenciosa belleza de la vida